



*Regulamento da
Biblioteca Universitaria*

REGULAMENTO DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

TÍTULO I. SOBRE A BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Artigo 1. A Biblioteca Universitaria é un servizo que a Universidade de Vigo pon a disposición da comunidade universitaria co obxecto de facilitar a aprendizaxe, a docencia, a investigación e a actividade profesional dos seus membros. Ademais das coleccións e fondos bibliográficos, integran a Biblioteca Universitaria o conxunto de actividades, instalacións, equipos e infraestruturas cos que facilita o acceso, uso, preservación e conservación dos materiais bibliográficos e demais recursos de información.

Artigo 2. Son funcións da Biblioteca Universitaria:

- a) Seleccionar e adquirir os materiais bibliográficos e demais recursos de información en función das actividades de aprendizaxe, docencia e investigación desenvoltas na Universidade de Vigo. Nesta función enténdese tamén incluída a contratación e a obtención dos dereitos de acceso a recursos en formato electrónico.
- b) Catalogar, procesar, manter, preservar e conservar os materiais bibliográficos e os recursos de información de acordo coas normas, recomendacións e protocolos vixentes tanto nacionais coma internacionais.
- c) Organizar, manter e administrar o repositorio institucional de acceso aberto da Universidade de Vigo.
- d) Facilitarlles o coñecemento, acceso e uso dos fondos bibliográficos e os recursos de información aos membros da comunidade universitaria.
- e) Ofrecerlles aos membros da comunidade universitaria o acceso a materiais bibliográficos e recursos de información que non estean dispoñibles na Biblioteca Universitaria a través dos servizos de obtención de documentos e préstamo interbibliotecario.

- f) Orientar e asesorar as persoas usuarias no uso dos fondos bibliográficos e os recursos de información, así como do resto de servizos, equipos e instalacións que a biblioteca pon á súa disposición.
- g) Realizar actividades formativas que fomenten nos estudantes e investigadores/as as competencias informacionais e dixitais necesarias na aprendizaxe e na investigación.
- h) Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actividade, permita mellorar os seus servizos ou se dirixa a dar soporte ás actividades da comunidade universitaria ou contribúa a unha actuación socialmente responsable da Universidade de Vigo.

Artigo 3. Co obxecto de desenvolver a súa misión e as súas funcións, así como de mellorar os servizos que presta e actuar de xeito sostible e socialmente responsable, a Biblioteca poderá participar en institucións, programas e iniciativas de carácter cooperativo tales como catálogos colectivos, consorcios bibliotecarios, redes de préstamo interbibliotecario, intercambio de publicacións etc.

Artigo 4. Para realizar as súas funcións a Biblioteca Universitaria contará con, polo menos, os seguintes medios: un persoal adecuado en termos tanto de cualificación coma de número de efectivos, unhas instalacións e equipamento suficientes, un orzamento propio e unha dirección única.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA

Artigo 5. Con independencia da súa estrutura organizativa, a Biblioteca Universitaria concíbese como unha unidade funcional baixo unha dirección única. Non obstante, co obxecto de distribuír os seus servizos e ofrecer maior accesibilidade aos seus fondos e servizos, a biblioteca organízase en diversos puntos de servizo.

Artigo 6. A Biblioteca Universitaria está formada por unha biblioteca central no Campus de Vigo, que actúa como cabeceira do sistema, e por outras dúas bibliotecas centrais nos campus de Ourense e de Pontevedra que contan cun director/a con funcións de organización, supervisión e coordinación dos servizos bibliotecarios do

campus, así como de representación do director/a da Biblioteca Universitaria. Ademais, en función das necesidades de distribución do servizo e da configuración xeográfica da universidade, conta con outras bibliotecas ou puntos de servizo. Todas as bibliotecas réxense polos principios de planificación e organización uniformes, e actuarán conforme unha estreita coordinación e cooperación funcional coa finalidade de conseguir o máximo grao posible de eficacia, eficiencia e calidade no funcionamento da Biblioteca Universitaria.

Artigo 7. A Comisión Xeral da Biblioteca Universitaria deberá estudar, avaliar e informar dos proxectos de creación, transformación ou supresión de bibliotecas. A continuación, presentarallos ao Consello de Goberno para que os aprobe.

Artigo 8. A biblioteca central da Universidade de Vigo, situada no Campus de Vigo, é o centro director e a cabeceira do sistema bibliotecario da universidade. As súas funcións son as seguintes:

- a) Coordinar, dirixir e supervisar o resto de bibliotecas que compoñen o sistema bibliotecario.
- b) Administrar o sistema de xestión automatizado da biblioteca e o resto de infraestruturas informáticas necesarias para o funcionamento da biblioteca en coordinación cos servizos informáticos da universidade.
- c) Levar a cabo a xestión do gasto e do orzamento da Biblioteca Universitaria.
- d) Coordinar o desenvolvemento e a xestión das coleccións, a subscrición das publicacións periódicas, a contratación e a obtención dos dereitos de acceso a recursos en formato electrónico, a catalogación e o proceso técnico, a formación de usuarios/as, os servizos de referencia, o préstamo, a obtención de documentos e o préstamo interbibliotecario e cantos outros servizos se puidesen crear.
- e) Administrar e manter o repositorio institucional de acceso aberto da Universidade de Vigo.
- f) Xestionar o Arquivo Universitario que, en todo caso, se rexerá por un regulamento propio.
- g) Calquera outro servizo, actividade ou función que lle encomenden, dentro do seu ámbito de actividade, os órganos de goberno da Universidade de Vigo.

Artigo 9. A Biblioteca Universitaria conta con seccións que, baixo a dependencia do seu director/a, se encargan da xestión de determinados servizos bibliotecarios ou áreas de actividade especializadas. Á súa fronte contan cun xefe/a de sección encargado da súa planificación, coordinación e supervisión.

TÍTULO III. ÓRGANOS DE XESTIÓN E DIRECCIÓN

Artigo 10. O director/a da Biblioteca Universitaria é a persoa responsable da súa dirección e xestión. Debe pertencer a corpos ou escalas de facultativos de arquivos e bibliotecas e é nomeado polo reitor/a, tras un concurso de méritos, seguindo o procedemento legalmente establecido.

Artigo 11. O director/a da Biblioteca Universitaria estará asistido nas súas funcións polo subdirector/a da Biblioteca Universitaria, unha unidade económico-administrativa e a Xunta Técnica.

Artigo 12. Son funcións do director/a da Biblioteca Universitaria:

- a) Elaborar e propor as directrices da política bibliotecaria.
- b) Organizar, xestionar e coordinar, técnica e administrativamente, a biblioteca exercer a dirección da biblioteca central da universidade no Campus de Vigo.
- c) Formar parte da Comisión de Biblioteca como membro nato, así como presidir a Xunta Técnica.
- d) Presentarlle á Comisión de Biblioteca propostas de modificación da estrutura da Biblioteca Universitaria, así como outros proxectos encamiñados a mellorar os servizos bibliotecarios.
- e) Elaborar o anteproxecto do orzamento da Biblioteca Universitaria e proporlle á Comisión de Biblioteca os criterios de distribución dos créditos orzamentarios destinados á adquisición e contratación de recursos bibliográficos e de información.
- f) Levar a cabo a xestión e o control do orzamento e, no seu caso, informar os órganos de goberno da universidade sobre o seu estado.
- g) Velar pola execución dos acordos tomados pola Comisión de Biblioteca.

- h) Participar nos proxectos de novas instalacións bibliotecarias, así como de reestruturación ou supresión dos existentes, e informar a Comisión de Biblioteca.
- i) Exercer a dirección do persoal adscrito á Biblioteca Universitaria.
- j) Propor e colaborar na organización de cursos de formación dirixidos ao persoal da Biblioteca Universitaria.
- k) Propoñer os temarios das probas de acceso ás escalas e aos grupos de persoal bibliotecario e, no seu caso, formar parte dos órganos de selección.
- l) Elaborar a memoria anual da Biblioteca Universitaria
- m) Recoller e analizar as suxestións, queixas e reclamacións das persoas usuarias. Daráselles, no seu caso, resposta ou trasladaranse á Comisión de Biblioteca de acordo co artigo 16 e) deste regulamento.
- n) Cumprir e facer cumprir o regulamento, así como o resto de normas que regulan o funcionamento da biblioteca e dos seus servizos.
- o) Representar a Biblioteca Universitaria ante as autoridades e os órganos da universidade ou doutras institucións externas.
- p) Proporlle á Comisión de Biblioteca proxectos de reforma ou modificación do regulamento e outras normas de funcionamento da biblioteca, unha vez oída a Xunta Técnica.
- q) Calquera outra función que o reitor/a lle atribúa.

Artigo 13. O subdirector/a da Biblioteca Universitaria debe pertencer a corpos ou escalas de facultativos ou de axudantes de arquivos e bibliotecas, e ten a función de actuar como autoridade delegada do director/a en todo aquilo que este lle encomende. Ademais, suplirao no caso de ausencia temporal, e actuará como secretario/a da Comisión de Biblioteca e da Xunta Técnica.

Artigo 14. A Comisión de Biblioteca é un órgano colexiado consultivo do reitor/a e do Consello de Goberno en materia de política e dirección bibliotecaria. Está formada por:

- a) Reitor/a, ou persoa en quen delegue, que exerce a presidencia.
- b) Director/a da Biblioteca Universitaria.
- c) Subdirector/a da Biblioteca Universitaria, que actuará como secretario/a con voz e con voto.

- d) Seis membros do PDI representativos dos tres campus.
- e) Tres alumnos/as representativos dos tres campus.
- f) Tres bibliotecarios/as representativos dos tres campus e os distintos grupos e categorías profesionais do persoal da biblioteca.

En todo caso, na composición dos colectivos de profesorado, alumnado e persoal bibliotecario procurarase unha representación equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 15. A duración do mandato dos membros de carácter representativo é de catro anos.

Artigo 16. Son funcións da Comisión de Biblioteca:

- a) Estudar e, no seu caso, aprobar as directrices xerais da política bibliotecaria por proposta do director/a da Biblioteca Universitaria.
- b) Aprobar os criterios de distribución dos créditos orzamentarios destinados pola biblioteca á adquisición e á contratación de bibliografía docente, de aprendizaxe e de investigación.
- c) Avaliar a inclusión de novos títulos na listaxe única de subscricións de revistas científicas e técnicas que recolle o artigo 60 deste regulamento.
- d) Analizar os proxectos de novas instalacións bibliotecarias, así como de reestruturación ou supresión das existentes, presentados polo director/a da Biblioteca Universitaria.
- e) Examinar e resolver as suxestións, queixas, reclamacións e propostas dos usuarios/as que, pola súa natureza ou alcance, lle trasladou o director/a da biblioteca de acordo co artigo 12 m) do regulamento.
- f) Propor, examinar e aprobar propostas de reforma ou modificación do regulamento da Biblioteca Universitaria, así como daquelas outras normas que regulan o funcionamento da biblioteca ou dos seus servizos.
- g) Establecer ou modificar os criterios para outorgarlles a condición de usuario/a externo da biblioteca ás persoas alleas á Universidade de Vigo.
- h) Valorar a aceptación ou o rexeitamento daquelas doazóns, depósitos ou legados de coleccións ou conxuntos de material bibliográfico ofrecidos por particulares

ou institucións á Biblioteca Universitaria que non requiran a intervención do Consello Social.

- i) Establecer e modificar as súas normas de funcionamento interno.

- j) Aqueloutras funcións que en materia bibliotecaria lle encomende o reitor/a ou o Consello de Goberno.

Artigo 17. A Xunta Técnica é un órgano de apoio, consulta e asesoramento do director/a e da Comisión de Biblioteca en cuestións de carácter técnico e de réxime interno relativas á Biblioteca Universitaria, que está integrada por:

- a) O directora/a da Biblioteca Universitaria, que exerce a presidencia.
- b) O subdirector/a, que actúa como secretario/a con voz e voto.
- c) Os xefes/as de sección.
- d) Os directores/as de bibliotecas.
- e) Un técnico/a especialista de biblioteca.

Non obstante, a Xunta Técnica poderá solicitar a participación de persoas do persoal da biblioteca que polos seus coñecementos, experiencia ou relación directa cos asuntos ou cuestións tratadas poidan efectuar achegas relevantes.

Artigo 18. A Xunta Técnica reunirse en sesión ordinaria dúas veces ao ano e en sesión extraordinaria por convocatoria do seu presidente/a ou por petición de, polo menos, catro dos seus membros.

TÍTULO IV. AS PERSOAS USUARIAS

Artigo 19. Son usuarios/as da Biblioteca Universitaria as persoas que, cumprindo cos requisitos previstos neste regulamento, acceden ás bibliotecas da Universidade de Vigo co obxecto de utilizar as súas instalacións, recursos e servizos. Aínda que a biblioteca é un servizo dirixido á comunidade universitaria, coa finalidade de lograr unha maior proxección social, permíteselles usar as súas instalacións, recursos e servizos a persoas

alleas á comunidade universitaria nos termos que se indican no presente regulamento ou noutras normativas.

Artigo 20. As persoas usuarias da biblioteca clasifícanse en usuarios/as propios, autorizados e externos.

Artigo 21. Son usuarios/as propios os pertencentes á comunidade universitaria; é dicir, as persoas que forman parte da Universidade de Vigo en calidade de estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Así mesmo, considéranse usuarios/as propios:

- a) Os bolseiros/as de investigación que desenvolven o seu traballo na Universidade de Vigo.
- b) Persoal contratado con cargo a proxectos de investigación e asimilados.
- c) Os/As estudantes de centros adscritos á Universidade de Vigo.

Artigo 22. Son usuarios/as autorizados o estudantado egresado e os membros xubilados do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. Así mesmo, considéranse usuarios/as autorizados os profesores/as que imparten ensinos de posgrao e outros ensinos non oficiais da Universidade de Vigo e que non forman parte do seu persoal docente e investigador.

Artigo 23. Son usuarios/as externos as persoas que, sen estar en ningunha das situacións anteriores e seren maiores de 18 anos, obteñen permiso para usar a biblioteca.

Artigo 24. Non obstante, a Universidade de Vigo poderá, mediante un convenio, outorgarlles a condición de usuario/a propio ou de usuario/a autorizado a persoas pertencentes a outras institucións públicas ou privadas, así como chegar a acordos de reciprocidade con outras bibliotecas. A tipoloxía de usuario/a atribuída ás devanditas persoas determinarase no convenio ou no acordo que en cada caso se estableza.

Artigo 25. Para acceder ás bibliotecas e utilizar as súas instalacións, recursos e servizos, quen os utilice deberán estar en posesión dunha acreditación en vigor que, no caso dos usuarios/as propios, corresponde ao carné universitario. Para o resto de usuarios/as a

Biblioteca Universitaria expedirá, tras a solicitude das persoas interesadas, unha acreditación cunha validez dun ano renovable. Unha normativa específica regulará o relativo á solicitude e á renovación desta acreditación.

Artigo 26. Quen acceda ás bibliotecas da Universidade de Vigo para usar as súas instalacións, recursos ou servizos, deberá levar consigo a súa acreditación, co obxecto de poder amosarlle ao persoal da biblioteca se así lle fose requirido. Esta acreditación é persoal e intransferible.

Artigo 27. A condición de usuario/a propio extinguirase unha vez finalizado o vínculo coa Universidade de Vigo ou cos centros adscritos. Neste caso, as persoas que desexen seguir utilizando a Biblioteca Universitaria pasarán a formar parte da categoría de usuarios/as autorizados.

Artigo 28. No caso dos usuarios/as autorizados e dos externos, o incumprimento do establecido no presente regulamento ou noutras normas de funcionamento da Biblioteca Universitaria poderá motivar a perda da condición de usuario/a e a retirada do correspondente carné.

Artigo 29. Nas súas relacións coa Biblioteca Universitaria, as persoas usuarias teñen os seguintes dereitos:

- a) Acceder ás bibliotecas e usar os seus servizos e instalacións nos termos establecidos neste regulamento e nas demais normas de funcionamento da biblioteca e tratando de garantir boas condicións de accesibilidade, en especial para persoas con discapacidade e con limitacións de mobilidade.
- b) Ser tratadas con corrección e consideración polo persoal da biblioteca.
- c) Ser informadas de normas, instrucións e directrices que regulan o funcionamento da Biblioteca Universitaria e dos seus servizos.
- d) Formular reclamacións, queixas, suxestións e outros comentarios sobre a biblioteca e os seus servizos.
- e) Obter resposta, se procede, das reclamacións e das queixas formuladas.
- f) Participar na mellora do servizo a través das canles existentes.
- g) Recibir información, orientación e asesoramento do persoal bibliotecario.

- h) Á confidencialidade dos seus datos persoais e de utilización da biblioteca.

Artigo 30. A biblioteca porá a disposición das persoas usuarias, nunha forma accesible e identificable, medios para que poidan exercer o seu dereito a formular queixas, reclamacións, suxestións ou outro tipo de comentarios sobre os servizos bibliotecarios.

Artigo 31. A biblioteca, se así procede, responderá no prazo máis axiña posible ás queixas e reclamacións dos usuarios/as. Non obstante, as reclamacións de carácter patrimonial tramitaranse ante a Xerencia da Universidade de Vigo atendendo ao procedemento correspondente. Con relación ás suxestións e propostas para mellorar o servizo, a Biblioteca Universitaria resérvase o dereito a comunicar o aviso de recibimento e enviar un escrito de agradecemento.

Artigo 32. Coa finalidade de asegurar un funcionamento correcto e eficiente do servizo, así como a equidade do seu uso, as persoas usuarias da biblioteca teñen os seguintes deberes:

- a) Cumprir este regulamento e as demais normas de funcionamento da biblioteca e os seus servizos.
- b) Utilizar as instalacións, equipamentos, recursos e servizos para os usos previstos e permitidos.
- c) Respetar o patrimonio bibliográfico da Universidade de Vigo, coidando da súa integridade, así como facer un uso lexítimo e responsable dos recursos electrónicos baixo licenza que a Biblioteca Universitaria pon a disposición das persoas usuarias.
- d) Cumprir coa lexislación vixente en materia de propiedade intelectual, así como calquera outra lei ou norma aplicable ao servizo bibliotecario.
- e) Identificarse como usuario/a acreditado cando así o solicite o persoal da Biblioteca Universitaria ou os membros do servizo de seguridade.
- f) Mostrar o contido de bolsos, mochilas, maletíns ou calquera outro efecto persoal a requirimento do persoal da Biblioteca Universitaria ou dos membros do servizo de seguridade no caso de activación dos sistemas antirrobo das bibliotecas.
- g) Respetar as condicións de silencio, seguridade, limpeza e orde das instalacións bibliotecarias, incluída a disposición do mobiliario.

- h) Ser respectuosos co persoal da biblioteca e co resto de persoas que colaboran na prestación do servizo bibliotecario (vixilancia, limpeza, mantemento etc.).
- i) Atender as indicacións e os requirimentos do persoal da biblioteca, en especial en situacións de urxencia ou de evacuación dos edificios consonte o artigo 41 deste regulamento.
- j) Responsabilizarse dos seus efectos persoais dentro das instalacións bibliotecarias.

TÍTULO V. USO DA BIBLIOTECA

Artigo 33. En cumprimento da súa misión e funcións, a biblioteca prestará unha serie de servizos cuxas características e alcance se determinarán nunha carta de servizos aprobada pola Comisión de Biblioteca. Sen prexuízo diso, poderanse regular os servizos e as actividades da biblioteca mediante normas de funcionamento ou instrucións específicas, aprobadas pola Comisión de Biblioteca, que en ningún caso contravirán os principios e os preceptos do presente regulamento e o resto de normas aplicables.

Artigo 34. Co obxecto de manter un ambiente bibliotecario seguro e apropiado, as usuarias/os utilizarán os espazos, instalacións, servizos e demais recursos que pon á súa disposición a Biblioteca Universitaria observando as normas básicas de comportamento social e respectando os dereitos das demais persoas, a integridade das instalacións e o uso lexítimo dos recursos bibliotecarios. En todo caso, e de modo expreso, as usuarias/os deberán absterse no interior das bibliotecas de:

- a) Facer ou provocar ruídos susceptibles de perturbar o ambiente de traballo ou estudo.
- b) Consumir alimentos ou bebidas, agás auga, nas salas e espazos de traballo e estudo.
- c) Fumar ou consumir drogas e substancias prohibidas.
- d) Introducir na biblioteca obxectos ou substancias que entrañen risco para as persoas, as instalacións e os equipamentos da biblioteca ou os fondos bibliográficos.

- e) Realizar usos non silenciosos de teléfonos e dispositivos móbiles, en particular, conversacións de voz.
- f) Acceder con animais ás bibliotecas, agás que se trate de cans de asistencia que acompañen persoas con discapacidade.
- g) Colocar carteis ou distribuír documentos sen autorización expresa da dirección da biblioteca.
- h) Reservar postos de traballo ou estudo para uso propio ou para terceiros.
- i) Modificar a colocación e a disposición do mobiliario e outro equipamento das bibliotecas sen autorización expresa do persoal que atende o servizo.
- j) Filmar ou fotografar o interior das bibliotecas sen permiso expreso da dirección da biblioteca.
- k) Exhibir comportamentos agresivos, violentos, obscenos ou irrespectuosos cara ao resto de persoas presentes na biblioteca.
- l) Danar, deteriorar ou inutilizar as instalacións, o mobiliario e o equipamento da biblioteca ou os seus fondos bibliográficos.

Artigo 35. Sen prexuízo das accións disciplinarias ou legais que en cada caso procedan, o persoal da biblioteca poderá requirirles ás persoas que contraveñan o disposto no artigo anterior que abandonen a biblioteca e poderán solicitar a intervención do persoal de seguridade. Coa finalidade de facilitar a aplicación das medidas correspondentes, o persoal da biblioteca informará a dirección dos casos de incumprimento do disposto neste regulamento en materia de uso da biblioteca.

Artigo 36. No referido á prohibición de reservar postos de traballo ou estudo, o persoal da biblioteca, mediando a petición doutra persoa usuaria, poderá retirar os materiais e os demais efectos persoais que se atopen depositados nun posto que permaneza desocupado durante un período de tempo superior a trinta minutos.

Artigo 37. Co obxecto de prever a subtracción de fondos bibliográficos, as bibliotecas poderán instalar sistemas e alarmas antirrobo. No caso de activarse a alarma antirrobo ao pasar unha persoa, esta deberá atender ás indicacións do persoal da biblioteca e facilitar as comprobacións pertinentes.

Artigo 38. A Biblioteca Universitaria declina toda responsabilidade polos danos e perdas que se puidesen producir nos efectos persoais dos usuarios/as por causa de subtracción, perda ou deterioración acaecidos no interior das bibliotecas.

Artigo 39. As bibliotecas poderán habilitar espazos reservados para determinados usos ou para consultar determinados tipos de materiais.

Artigo 40. A utilización das instalacións bibliotecarias realizarase dentro dos horarios establecidos. Co obxecto de que as bibliotecas estean totalmente desaloxadas ao finalizar o seu horario de apertura ao público, o persoal a cargo do servizo avisará do peche das bibliotecas coa suficiente antelación.

Artigo 41. No caso de evacuación do edificio, todas as persoas que se atopen na biblioteca atenderán obrigatoriamente ás indicacións do persoal dos equipos de urxencia que as dirixirán cara ás saídas.

Artigo 42. O uso dos medios informáticos públicos efectuarase sempre con fins de docencia, aprendizaxe ou investigación e as persoas usuarias quedarán obrigadas a respectar a normativa establecida polos servizos informáticos da universidade. Para os efectos do presente regulamento, enténdese por medios informáticos públicos o conxunto de equipos, aplicacións, programas e redes que a Universidade de Vigo ou a Biblioteca Universitaria poñen a disposición dos usuarios/as.

Artigo 43. O acceso e a utilización dos recursos en formato electrónico (revistas e libros electrónicos, bases de datos, documentos dixitais en rede etc.) contratados pola biblioteca en beneficio dos seus usuarios/as deberá suxeitarse aos usos autorizados polos editores/as ou os seus distribuidores/as nos correspondentes contratos de licenza. A biblioteca poderá interromperlle o acceso a estes recursos a quen incumpra os termos e as condicións do uso dos materiais obxecto das licenzas.

TÍTULO VI. TRATAMENTO DAS INFRACCIÓNS

Artigo 44. Ademais do incumprimento das disposicións do presente regulamento, considéranse infraccións as condutas seguintes:

- a) atraso, perda ou non devolución das obras obtidas en préstamo.
- b) A mutilación, dano ou outra acción ou omisión que supoña unha alteración da integridade física de calquera documento ou material bibliográfico da biblioteca.
- c) A subtracción de documentos ou materiais bibliográficos, de medios informáticos ou de calquera elemento do equipamento das bibliotecas. Considérase como subtracción a saída física destes sen autorización previa do persoal competente.
- d) Non pagamento das tarifas vixentes en concepto de servizos de obtención de documentos e préstamo interbibliotecario.
- e) Uso indebido da tarxeta universitaria ou do carné da biblioteca tanto polo seu titular coma por outra persoa.

Artigo 45. O tratamento das infraccións referidas ao préstamo de documentos e materiais bibliográficos, así como aos servizos de obtención de documentos e préstamo interbibliotecario, serán obxecto de normas específicas.

Artigo 46. A mutilación, dano ou alteración da integridade física dos documentos e materiais bibliográficos, incluídos os obtidos a través do préstamo interbibliotecario, comportará, ademais da reposición da obra afectada, a privación do dereito de uso dos servizos bibliotecarios durante un período de tres meses.

Artigo 47. A subtracción de documentos e de materiais bibliográficos comportará a privación inmediata da condición de usuario/a da biblioteca. Ademais, o director/a da Biblioteca Universitaria informará a Comisión de Biblioteca que poderá promover ante o reitor/a a adopción doutro tipo de medidas.

Artigo 48. A deterioración, a destrución ou o uso indebido das instalacións, dos medios informáticos e do equipamento bibliotecario comportarán a privación do dereito de uso dos servizos bibliotecarios por un período máximo de tres meses en función da gravidade dos feitos.

Artigo 49. A alteración da orde e o normal funcionamento da biblioteca implicarán a privación do dereito a utilizar os servizos bibliotecarios por un período dunha semana. No caso de reincidencia a citada privación será por un período de dúas semanas.

Artigo 50. Os períodos de privación do servizo bibliotecario contaránse a partir do día seguinte ao da súa comunicación por escrito á persoa interesada.

Artigo 51. A gravidade dos feitos será apreciada segundo o grao de resposta da persoa interesada ás advertencias efectuadas polo persoal da biblioteca para que desista da súa conduta, o prexuízo manifesto causado a outras persoas usuarias ou ao patrimonio da Universidade de Vigo, ou a súa reincidencia. Nas situacións de extrema gravidade, valoradas en tales termos, o director/a da Biblioteca Universitaria privará de forma precautoria da condición de usuario/a a persoa infractora e informará a Comisión de Biblioteca, que lle propondrá ao reitor/a as medidas que se adoptarán de acordo cos Estatutos da Universidade de Vigo.

Artigo 52. Toda persoa usuaria suxeita a unha privación do servizo bibliotecario por causa de infracción poderá interpor un recurso ante o reitor/a da universidade de Vigo.

Artigo 53. As persoas usuarias que, por deixar de pertencer á Universidade de Vigo ou por outra causa, perdan a súa condición de usuario/a da Biblioteca Universitaria e teñan pendente a devolución de documentos ou materiais bibliográficos prestados por aquela deberán devolvelos, ou no seu caso repoñelos, o máis axiña posible e independentemente das datas do seu vencemento. Co fin de asegurar a devolución destes documentos ou materiais bibliográficos, a biblioteca resérvase o dereito a emprender cantas accións administrativas e legais se requiran.

TÍTULO VII. ADQUISICIÓN, SUBSCRICIÓN E CONTRATACIÓN DE MATERIAIS BIBLIOGRÁFICOS E RECURSOS EN FORMATO ELECTRÓNICO

Artigo 54. A Biblioteca Universitaria disporá dun orzamento de gastos propio incluído no orzamento xeral da Universidade de Vigo que, en todo caso, terá en conta a existencia de aplicacións orzamentarias específicas para a adquisición e subscrición de materiais bibliográficos e a contratación de licenzas de acceso a publicacións electrónicas, bases de datos e outros recursos en formato electrónico.

Artigo 55. A adquisición e a subscrición de materiais bibliográficos, do mesmo xeito que a contratación de licenzas de acceso a publicacións electrónicas, bases de datos e outros recursos en formato electrónico, orientarase prioritariamente a satisfacer as necesidades de docencia, aprendizaxe e investigación da comunidade universitaria, en particular o mantemento da subscrición de revistas científicas e a adquisición de bibliografía recomendada e de materiais bibliográficos solicitados polo persoal docente e investigador con fins de investigación e docencia. Emporiso, a biblioteca procurará, dentro das disponibilidades orzamentarias, atender as solicitudes de adquisición bibliográfica procedentes doutras unidades e servizos universitarios, así como asegurar a reposición de volumes extraviados ou deteriorados, a compra de obras constitutivas da produción científica da Universidade de Vigo e, no seu caso, tomar en consideración as suxestións de adquisición formuladas polas persoas usuarias pola súa conta.

Artigo 56. Correspóndelle á Comisión de Biblioteca establecer os criterios para distribuír as cantidades asignadas á adquisición da bibliografía recomendada, así como dos materiais bibliográficos destinados á docencia e á investigación.

Artigo 57. A biblioteca poderá aceptar o outorgamento ou a entrega gratuíta de materiais e de fondos bibliográficos aínda que, no referido a doazóns ou legados de singular importancia, deberá suxeitarse á intervención do Consello Social da Universidade de Vigo de acordo co artigo 4 n) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario galego. En todo caso, unha normativa específica regulará a aceptación de doazóns de materiais e fondos bibliográficos por parte da Biblioteca Universitaria.

Artigo 58. Co obxecto de garantir a conservación e a difusión da produción editorial da institución, a Biblioteca Universitaria recibirá polo menos dous exemplares dos títulos editados pola Universidade de Vigo.

Artigo 59. A adquisición e a subscrición de materiais bibliográficos con cargo a orzamentos da Universidade de Vigo, calquera que sexa o seu concepto, soporte e localización de destino, será tramitada pola Biblioteca Universitaria que, ademais, deberá procesalos para os efectos da súa integración nas coleccións bibliotecarias da

institución. A biblioteca non aceptará abonar facturas con cargo ao seu propio orzamento de gastos correspondentes a pedidos bibliográficos non tramitados por ela.

Artigo 60. A biblioteca procurará asegurar a continuidade das subscricións de revistas científicas e técnicas da forma máis eficiente posible, así como o cumprimento dos compromisos que dimanen de acordos cooperativos de subscrición, singularmente no marco do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Para tal fin, a subscrición ás devanditas revistas, calquera que sexa o seu formato ou soporte, será xestionada centralizadamente pola biblioteca central de Vigo en forma de listaxe única, e corresponderalle renovar e cancelar títulos, así como incorporar outros novos. Os membros da comunidade universitaria poderán propor a subscrición de novos títulos de revistas mediante un escrito razoado dirixido ao presidente/a da Comisión de Biblioteca e avalado coa sinatura dun director/a de departamento ou un investigador/a principal.

Artigo 61. Así e todo, de forma excepcional, os departamentos e os proxectos de investigación poderán levar a cabo novas subscricións de revistas con cargo aos seus orzamentos informando por escrito con antelación a unidade bibliotecaria responsable das subscricións. En todo caso, cando se trate de subscricións en formato impreso deberanse ademais cumprir as seguintes condicións: a revista non suporá duplicidade de títulos dentro do mesmo campus, a xestión e a recepción da subscrición realizaraa a Biblioteca Universitaria, e os fondos depositaranse nunha das bibliotecas.

Artigo 62. A contratación de dereitos de acceso a libros electrónicos, bases de datos e resto de recursos en formato electrónico será xestionada tamén centralizadamente pola Biblioteca en forma de listaxe única en similares termos aos establecidos para as subscricións a revistas científicas e técnicas.

TÍTULO VIII. REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 63. O presente regulamento poderá reformarse total ou parcialmente a proposta do director/a da Biblioteca Universitaria ou da Comisión de Biblioteca de acordo co establecido polos artigos 12 p) e 16 f) deste regulamento, e correspóndelle ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo a súa aprobación.

Artigo 64. Os proxectos de reforma total ou parcial do regulamento requirirán dunha memoria explicativa e dun texto articulado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Biblioteca Universitaria garantirá de forma permanente a difusión pública deste regulamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Mentres non sexan obxecto de modificación, as normativas da Biblioteca Universitaria emanadas do anterior regulamento seguirán vixentes en tanto non contraveñan o presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor deste regulamento quedará derrogado o anterior da Biblioteca Universitaria.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte a que o aprobe o Consello de Goberno.